

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-C/2021

Exp.: 2021000000913

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO XVI PREMIO “CASTELAO” DE BANDA DESEÑADA

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista a resolución da presidencia núm. 4758, de 11 de febreiro de 2021, pola que se aproban as Bases do XVI Premio “Castelao” de banda deseñada.

Visto tamén que as citadas Bases foron publicadas no BOP núm. 36 do 24 de febreiro de 2021.

RESOLVO:

1º. Aprobar a convocatoria do XVI Premio “Castelao” de banda deseñada, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas por resolución do presidente núm. 4758, de 11 de febreiro de 2021.


2º. A convocatoria rexerase polas Bases do premio que foron publicadas no BOP núm 36 do 24 de febreiro de 2021 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/02/24/2021_0000001436.html)

3º. O prazo iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará o día 30 de abril de 2021.

4º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se achega como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-C/2021

Exp.: 2021000000913

ANEXO

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do XVI Premio “Castelao” de banda deseñada. O texto completo Bases do premio pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán participar todas as persoas, maiores de idade, que non fosen premiadas con este premio nos cinco anos anteriores a este, e que presenten narracións en banda deseñada escritas en lingua galega.

As obras presentadas poderán ser escritas e debuxadas, cada unha delas, por un máximo de dúas persoas autoras (unha como guionista e outra como debuxante).

Segundo. Obxecto

Convocar para o exercicio 2021 o XVI Premio “Castelao” de banda deseñada coa finalidade de apoiar ao colectivo que traballa na creación en banda deseñada en Galicia, que é considerado o máis importante do panorama estatal, e de importante significación na cultura galega.

Terceiro. Bases reguladoras

A convocatoria rexerase polas Bases do premio, que foron publicadas no BOP núm 36 do 24 de febreiro de 2021 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/02/24/2021_0000001436.html)

Cuarto. Contía


O importe da consignación ascende a un total de 13.000,00 €, con cargo á partida 0612/3341/481 do Orzamento ordinario para 2021.

Establécense dous premios, dotados con 6.500 € cada un deles, para cada unha das seguintes categorías:

MODALIDADE XERAL: obras dirixidas a todo tipo de lectores.

MODALIDADE LIX: obras dirixidas especificamente ao público lector infantil e xuvenil.

Os premios poderán quedar desertos e ser concedidos con carácter ex aequo; neste caso, os seus importes repartiranse proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-C/2021

Exp.: 2021000000913

Quinto. Cesión dereitos

A Deputación, que publicará as obras premiadas, reservarase os dereitos de edición durante un prazo de dezaioito meses, que se contará desde a data da concesión do premio, e entregará ás persoas gañadora trinta exemplares da obra editada.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e rematará o día 30 de abril de 2021.

Sétimo. Obras

A temática das obras será libre e poderá tratarse dunha historia única ou dun conxunto de historias.

As obras presentaranse en soporte dixital, figurando a tamaño final e en resolución de 300 ppp para color, 400 ppp para grises, ou 600 ppp para branco e negro, en soporte USB/CD e formato TIFF

Poderán presentarse indistintamente:

* Proxectos, que consistirán en un dossier con un mínimo de 16 páxinas rematadas, tamaño A4, formato PDF, e unha sinopse detallada do contido da obra completa, con unha extensión máxima de tres páxinas.

* Obras completas, tanto en guión coma en debuxo, en cuxo caso deberán ser orixinais, inéditas e non publicadas, na súa totalidade ou parcialmente.

En todo caso, a extensión da obra finalizada terá un mínimo de **48 páxinas**.

No caso de proxectos, terán un prazo de 6 meses, dende a data de concesión do premio, para entregar a obra completa.

Oitavo. Pago


Para o pago dos premios terase en conta se os traballos premiados son proxectos ou obras completas, polo que se establece:

Proxectos - o pago realizarase en dous prazos:

40% , en concepto de anticipo, unha vez concedido o premio

60%, despois de que o xurado verifique que a obra responde á descrición do proxecto premiado

Obras completas: o pago realizarase nun único prazo, unha vez concedido o premio.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-C/2021

Exp.: 2021000000913

O incumprimento do prazo previsto para a entrega da obra completa suporá a devolución do importe cobrado en concepto de anticipo.

Outros datos de interese

As obras ou proxectos presentaranse en soporte dixital USB/CD, e xunto coa plica serán enviados á Deputación da Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando no sobre “XVI Premio “Castelao” de banda deseñada “.

CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del XVI Premio “Castelao” de banda diseñada. El texto completo de las Bases del premio puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primero. Beneficiarios

Podrán participar todas las personas, mayores de edad, que no fuesen premiadas con este premio en los cinco años anteriores a este, y que presenten narraciones en banda diseñada escritas en lengua gallega.

Las obras presentadas podrán ser escritas y dibujadas, cada una de ellas, por un máximo de dos personas autoras (una como guionista y otra como dibujante).

Segundo. Objeto


Convocar para el ejercicio 2021 el XVI Premio “Castelao” de banda diseñada, con la finalidad de apoyar al colectivo que trabaja en la creación en banda diseñada en Galicia, que es considerado el más importante del panorama estatal, y de importante significación en la cultura gallega.

Tercero. Bases reguladoras

La convocatoria se registrará por las Bases del premio, que fueron publicadas en el BOP núm 36 de 24 de febrero de 2021(https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/02/24/2021_0000001436.html)

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 13.000,00 €, con cargo a la partida 0612/3341/481 del Presupuesto ordinario para el año 2021.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-C/2021

Exp.: 2021000000913

Se establecen dos premios, dotados con 6.500 € cada uno de ellos, para cada una de las siguientes categorías:

MODALIDAD GENERAL: obras dirigidas a todo tipo de lectores.

MODALIDADE LIX: obras dirigidas específicamente al público lector infantil y juvenil.

Los premios podrán quedar desiertos y ser concedidos con carácter ex aequo; en este caso, sus importes se repartirán proporcionalmente entre las personas que resulten premiadas.

Quinto. Cesión derechos

La Diputación, que publicará las obras premiadas, se reservará los derechos de edición durante un plazo de dieciocho meses, que se contará desde la fecha de la concesión del premio, y entregará a las personas ganadoras treinta ejemplares de la obra editada.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de la convocatoria en el BOP de A Coruña, y acabará el día 30 de abril de 2021.

Séptimo. Obras

La temática de las obras será libre y podrá tratarse de una historia única o de un conjunto de historias.

Las obras se presentarán en soporte digital, figurando a tamaño final y en resolución de 300 ppp para color, 400 ppp para grises, o 600 ppp para blanco y negro, en soporte USB/CD y formato TIFF

Podrán presentarse indistintamente:

* Proyectos, que consistirán en un dossier con un mínimo de 16 páginas acabadas, tamaño A4, formato PDF, y una sinopsis detallada del contenido de la obra completa, con una extensión máxima de tres páginas.

* Obras completas, tanto en guión como en dibujo, en cuyo caso deberán ser originales, inéditas y no publicadas, en su totalidad o parcialmente.

En todo caso, la extensión de la obra finalizada tendrá un mínimo de 48 páginas.

En el caso de proyectos, tendrán un plazo de 6 meses, desde la fecha de concesión del premio, para entregar la obra completa.

Octavo. Pago



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

PREM-C/2021

Exp.: 2021000000913

Para el pago de los premios se tendrá en cuenta si los trabajos premiados son proyectos u obras completas, por lo que se establece:

Proyectos - el pago se realizará en dos plazos:

40% , en concepto de anticipo, una vez concedido el premio

60%, después de que el jurado verifique que la obra responde a la descripción del proxecto premiado

Obras completas: el pago se realizará en un único plazo, una vez concedido el premio.

El incumplimiento del plazo previsto para la entrega de la obra completa supondrá la devolución del importe cobrado en concepto de anticipo.

Otros datos de interés

Las obras o proyectos se presentarán en soporte digital USB/CD, y junto con la plica serán enviados a la Diputación de A Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando en el sobre "XVI Premio "Castelao" de banda diseñada ".